

DINÁMICAS PARA TRABALLAR AS EMOCIÓN IMAXES PARA EMOCIONAR !



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Recoñecer as propias emocións e as dos demais.
- ★ Entender e respectar as diferentes emocións dos demais.
- ★ Outorgar a importancia que ten á linguaxe non verbal.

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ As emocións non son exclusivas da nosa especie. Todos os animais expresan emocións básicas. Na presentación que vos preparamos, os vosos alumnos/as poderán comprobalo.
- ★ Proxectar as imaxes unha a unha. Para cada unha delas, preguntar:
 - ★ Que emoción expresa o animal?
 - ★ Que emoción esperta en vós?

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- ★ Sabiades que non somos a única especie que se emociona?
- ★ Algunha de vós ten mascota? Fixarádesvos?
- ★ Foi fácil recoñecer ao león rindo? Por que creedes que nos custa máis recoñecer emocións positivas en animais que coñecemos pola súa fiereza? Pásanos o mesmo coas persoas?
- ★ Foi fácil distinguir a emoción que o animal expresa da que vós sentistes ao velo?
- ★ Para que pensades que nos pode servir recoñecer as emocións nos demais?

MATERIAIS

- ★ [Presentación coas imaxes.](#)